



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, nº 13

32780 A Pobra de Trives (Ourense)





Tif.: 988330302 Fax: 988330302

Correo electrónico: [ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es](mailto:ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

## **Procedemento para a reclamación das cualificacións outorgadas en 2º Bacharelato.**

(Orde do 22 de abril de 2010. DOG 4/05/10)

-  No suposto de que exista desacordo coa cualificación final obtida nunha materia, o alumno ou alumna, o seu pai ou nai ou o representante legal poderá solicitar por escrito a revisión da dita cualificación perante a dirección do centro, no prazo de dous días.
-  A dirección do centro someterá as reclamacións á consideración do departamento correspondente, que emitirá unha resolución motivada.
-  No suposto de que o departamento ante o que se presentou a reclamación ratifique a cualificación, e o alumnado manifieste por escrito o seu desacordo coa cualificación final obtida, a dirección remitirá o expediente á Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
-  Correspóndelle á dirección do centro, establecer os distintos prazos e datas, de acordo co procedemento establecido pola Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

### **Presentación de reclamacións**

As reclamacións contra as cualificacións finais obtidas nas materias de 2º curso de bacharelato presentaranse por escrito, no centro no que se cursaron, dirixidas á dirección do mesmo, nos seguintes prazos:

**Convocatoria ordinaria:** 28 e 29 de maio de 2013 (ata as 14:00 horas)

**Convocatoria extraordinaria:** 5 e 6 de setembro de 2013 (ata as 14:00 horas)

### **Acto de entrega das resolucións**

As comunicacións aos interesados das resolucións dos departamentos serán feitas pola dirección do centro nas seguintes datas:

**Convocatoria ordinaria:** o 30 de maio ás 14:00 horas.

**Convocatoria extraordinaria:** o 6 de setembro ás 18:00 horas

### **Reclamacións ante a comisión de supervisión**

O alumno/a ou os seus representantes legais poden solicitar por escrito no centro, no que se presentou a súa reclamación, que a dirección remita o expediente de reclamación á presidenta da comisión de supervisión.

Os prazos para facer estas solicitudes son os seguintes:

**Convocatoria ordinaria:** ata o 31 de maio ás 14:00 horas

**Convocatoria extraordinaria:** ata o 9 de setembro ás 18:00 horas